


O **espolio** da nosa enerxía  
sáenos moi caro.

# A suba da luz é unha **estafa**



Resulta escandaloso todo o que ten a ver co incremento brutal da factura da luz no noso país.

É unha vergoña: **Galiza, produtora de enerxía eléctrica** (que tamén nutre a outras partes do Estado) é penalizada, ademais de polo grave impacto económico e social, pola súa propia condición de potencia produtora, mentres Madrid, deficitaria en enerxía eléctrica resulta máis beneficiada. Teñamos tamén en conta que Madrid máis que duplica a poboación galega e que no noso país temos salarios e pensións dos máis baixas do Estado, e obteremos a radiografía desta vergoñenta realidade.

**O Goberno español penaliza a quen produce (Galiza), e beneficia a quen consome.** Como nacionalistas non asumimos esta lóxica humillante da estafa e do espolio permanente, que tanto dano nos fai e nos fixo historicamente. Nós producimos electricidade, e temos dereito a que esa riqueza reverta sobre o pobo galego.

Por todo isto, o BNG defende que os recursos enerxéticos da Galiza deben estar baixo control público galego, en exercicio da nosa soberanía. Mais no inmediato, propomos:

- **Unha tarifa eléctrica galega** que abaratea factura da luz para as galegas e galegos, en beneficio de consumidor@s particulares e das nosas empresas, de maneira que se compense o rol da Galiza como excedentaria na produción de enerxía eléctrica e o forte impacto social e ambiental derivado do seu papel produtor.
- **Baixada do IVE na factura eléctrica, do actual 21% ao 4%** (superreducido), e eliminación do imposto espacial da electricidade. Teñamos en conta que o Goberno español decidiu baixar o IVE das touradas ao 10%.
- **Garantir a subministración eléctrica a toda a poboación**, establecendo medidas para que non se lle poida cortar a luz a ningunha persoa sen recursos.
- **Creación dunha empresa pública galega de enerxía.** Inicialmente integrando os encoros que remataron o período de concesión, así como a participación noutros ámbitos de xeración de enerxía para a socialización dos beneficios.

Basta de **estafa**. Basta de **espolio**.

